



**ANUNCIO**

Mediante Decreto de Alcaldía de data 8 de marzo de 2021, aprobáronse as Bases que rexerán a convocatoria para a selección, contratación e posterior creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal do concello de Pontecesures para cubrir os postos de encargado/capataz de brigada, peón condutor de vehículo de extinción e peón forestal para brigada de prevención de incendios do concello de Pontecesures e outros postos relacionados co mantemento medioambiental e xestión da biomasa e protección do medio ambiente, mediante o sistema de concurso-oposición e creación de bolsa de traballo para a mesma categoría profesional.

En relación coa base 4ª, apartado **Acreditación do coñecemento da lingua galega** (Apto/a ou Non Apto/a), indicase que en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego e de acordo coa base 2ª, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega terán que realizar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio para a cal serán convocados polo órgano convocante, o cal designará á/ás persoa/as encargada/s de realizar e avaliar a proba.

O exercicio consistirá en traducir nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao órgano cualificador determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

Esta Alcaldía con data 22 de abril de 2021 ditou a seguinte resolución:

- a) Nomear a persoa encargada de realizar e avaliar a proba.
- b) Fixar a data do exame para ao martes 27 de abril ás 10:00 horas, na casa do Concello.
- c) Convocar aos seguintes aspirantes para que comparezan a realizar o exame na data indicada:

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ ANTONIO JARA MAS	***4982**
FRANCISCO GARCÍA DIESTE	***5108**
CARLOS LAIÑO VIDAL	***8652**
JUAN PABLO OLIVEIRA MOREIRAS	***9084**
EDWIN RAÚL VIVANCO SALVATIERRA	***4751**
ALEJANDRO SAEZ LLORENTE	***3624**
ADRIÁN SUÁREZ CACHEIRO	***9175**
DANIEL MOREIRAS RAMOS	***3516**
MANUEL RODRÍGUEZ SALGUEIRO	***7158**
LAURA PERAL MARTÍN	***5631**
MANUEL ROMERO CANCELA	***1162**

- d) Publicar este anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web [www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org)

Pontecesures,

O Alcalde

Juan Manuel Vidal Seage

*(Documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe)*

